

Resolución do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, pola cal se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio.

O tribunal nomeado pola Resolución da Presidencia, do 12 de novembro de 2024 (*BOPG* núm. 115, do 13 de decembro de 2024), para cualificar o proceso selectivo para a provisión de catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024, (*BOPG* núm. 15, do 22 de abril de 2024, e no *DOG* núm. 79, do 22 de abril de 2024), acordou que, de conformidade co disposto na base 6.1.2, **o segundo exercicio terá lugar o sábado, día 22 de febreiro de 2025, no edificio do Parlamento de Galicia na rúa Hórreo nº 63 de Santiago de Compostela** en chamamento único. Serán excluídas da oposición as persoas que non comparezan antes de finalizar o chamamento.

ACCESO

O acceso dos aspirantes ao recinto realizarase polo portón da reixa, que está na parte baixa da rúa do Hórreo e deberán dirixirse por dentro do recinto cara á marquesiña da fachada sur do edificio. Aconséllase acudir coa suficiente antelación para facilitar a identificación previa dos aspirantes para acceder ao edificio. As persoas acompañantes non poderán acceder ao edificio.

Dentro do edificio, o persoal colaborador acompañará os aspirantes á zona de espera para o chamamento no patio cuberto da planta superior.

O chamamento iniciarase **ás 09.30 horas**. As persoas aspirantes deberán ir provistas do documento nacional de identidade (DNI) ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de **bolígrafo**



negro. Comprobaranse as identidades das persoas aspirantes e serán acompañados ata o lugar onde tomarán asento para realizar o exercicio.

A chamada será efectuada por orde alfabética do primeiro apelido, que comezará pola letra «n», elixida polo sorteo publicado na páxina web do Parlamento de Galicia.

Na sala onde se desenvolverá o exercicio non estará permitido usar ningún tipo de reloxo, de dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias, de teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados polo tribunal por razóns médicas acreditadas de maneira individual. Este tipo de dispositivos deberán permanecer desactivados e gardados ou depositados no chan durante todo o desenvolvemento das probas.

O documento identificador con foto deberá deixarse á vista do tribunal, enriba da mesa do aspirante durante toda a realización do exercicio. O tribunal poderá comprobalo en calquera momento.

Todas as persoas aspirantes deberán manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos e, se é o caso, para permitir que se poidan inspeccionar.

As persoas que necesiten audiófonos deberán acreditar a súa necesidade, antes do día 20 de febreiro de 2025, mediante unha comunicación dirixida ao tribunal a través da sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>)

DURACIÓN

A duración do exercicio será de 120 minutos. Non se poderá saír da sala de realización do exercicio durante o seu desenvolvemento. En ningún caso se poderá entregar a folla de exame e saír antes de transcorrer os primeiros 60 minutos desde o comezo do exercicio.

O tribunal avisará cando resten 15 minutos para o termo do tempo e, a partir dese momento, non se poderá entregar o exame ata o final do tempo

establecido. De novo, realizaranse avisos cando falten 10 e 5 minutos. Cando finalice o tempo, as persoas presentes deberán esperar a que o tribunal organice as entregas e as saídas de modo ordenado.

DESENVOLVEMENTO

O cuestionario constará de 50 preguntas tipo test e de 3 preguntas máis de reserva. O cuestionario estará redactado en galego, podendo solicitarse a versión en castelán. Das catro respostas posibles a cada pregunta só haberá unha correcta. Deberanse marcar, **con bolígrafo negro**, as respostas que se consideren correctas tal como se indica na folla de exame que se facilitará xunto co cuestionario. Deberanse responder tamén ás preguntas de reserva, por se fose necesario recorrer a elas.

A folla de exame, que ten incorporada unha folla amarela de copia, constará de dúas partes: unha parte no lado esquerdo, onde se consignarán os datos persoais e outra parte no lado dereito, onde se marcarán as respostas ao cuestionario e na cal non se poderá efectuar ningún tipo de escritura nin ningunha outra marca ou sinal distinta das marcas das respostas. As dúas partes mencionadas serán separadas polo tribunal ao finalizar a proba.

Non será posible anular ou rectificar as respostas na folla de exame; por tanto, recoméndase marcalas previamente no cuestionario e trasladalas á folla de exame despois de as revisar.

A puntuación que se outorgará a cada resposta correcta será un (1) punto. Cada resposta incorrecta restará da puntuación total cero coma vinte e cinco (0,25) puntos.

O exercicio cualificarase de cero (0) a cincuenta (50) puntos e para superalo, será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25) puntos.

Non serán valoradas as preguntas sen responder nin tampouco aquelas en que as marcas ou correccións efectuadas ofrezan a conclusión de «non haber opción de resposta» válida. Tampouco serán valoradas as respostas marcadas fóra das celas.



Ao remataren e entregaren o exercicio, as persoas aspirantes só poderán sacar da sala a copia amarela coas súas respostas, xa que o **cuestionario se deberá entregar ao tribunal**, xunto coa folla de respostas.

O cuestionario, xuntamente coas respostas correctas, publicárase no portal web corporativo nas vinte e catro horas seguintes á finalización do exame.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

A presidenta do tribunal